

Axentes do Posto Baiona-Nigrán da Garda Civil rescatan a un xinete accidentado no Zamáns.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Martes, 21 Xuño 2016 18:42



A Garda Civil rescatou a un xinete que perdeu o control do cabalo e caeuse nas inmediacións do merendeiro de Zamáns.

O operativo de procura, na que participou unha patrulla de seguridade cidadá do Posto Principal da Garda Civil Baiona-Nigrán e unha dotación do 061 Val Miñor, activouse cando o Centro Operativo Complexo (COC) da Garda Civil (Tlf. 062) recibe a alerta de que unha persoa caeuse do cabalo, nun punto non determinado, próximo ao merendeiro de Zamáns, provocándose unha lesión nas costas que o tiña inmobilizado.

Debido á dificultade de acceso ao lugar onde se atopou o ferido, foi necesario utilizar un vehículo oficial todo terreo, primeiro para desprazar ao persoal médico e despois para trasladar ao xinete ata a ambulancia, que finalmente trasladaríao ao Hospital Alvaro Cunqueiro, onde recibiu asistencia médica polas lesións que sufría nas costas.